

Un namorado inesperado

María Pardo Piñón | Viky Solar Sánchez

Aínda que é difícil de crer, unha vez pasou que unha criada chamada Viana recibiu unha carta inesperada de Mario Bross, un famoso fontaneiro.

A carta dicía:

Querida Viana, reúnete comigo ao mencer na fonte do leste do bosque, grazas.

*P.D.: Ven soa
Mario Bross*

Ao mencer, Viana estaba na fonte e na lonxanía albiscou ao seu admirador secreto.

Camiñou ata el e preguntoulle que quería.

-Quero que me fagas un favor.

-Cal?

-Quero que me presentes a túa irmá e lle preguntes se necesita un fontaneiro na súa vida...

Viana aceptou pero cunha condición, que non lle dixera a ninguén o ocorrido. Presentoullo e... aceptou!!!

A irmá de Viana, Belicia, ao final casouse con Mario Brossy, (como o chamaba ela). Pero remataron divorciándose aos seis meses de casados porque Mario B. nunca estaba en casa, xa que lle facían moitas peticións para videoxogos e anuncios.

Finalmente, o fontaneiro Mario marchouse de casa para atopar unha parella mellor...

A súa princesa / compañeira de videoxogos...Pitch!

E regaloulle un anel cunha gran perla, porque era moi meticulosa, na súa voda. E así será para sempre...

FIN